



CONCELLO DE MUXÍA

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN REXIME DE LABORAL TEMPORAL, DE 2 POSTOS DE SOCORRISTAS DENTRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO EN COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS.

PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de concurso oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de:

- Dous Socorristas na modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, a xornada completa, e utilizando o concurso-oposición como sistema de selección, para a realización da obra ou servizo denominado: “SOCORRISTAS”, en base á subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, Orde do 20 de decembro de 2019 na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro de 2020) e convócanse as axudas para o ano 2020

SEGUNDA.-DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO

O contrato laboral que se realizará coa persoa seleccionada será de duración determinada, por obra ou servizo na modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, a xornada completa, por un período de 2 meses, coa distribución de xornadas que estableza a Alcaldía.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse as necesidades do servizo.

TERCEIRA.- REQUISITOS

1.-Para seren admitidos ó presente proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a)Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por



CONCELLO DE MUXÍA

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.

c) Ter cumpridos 16 anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opte.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público

f) Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato, e consecuentemente ser candidatos/as previamente seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia, previa oferta de emprego realizada polo Concello de Muxía.

g) Non ter sido contratado/a, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas desempregadas, segundo se indica no artigo 14.2 da Orde do 20 de decembro de 2019 (DOG núm 18 de 28 de xaneiro de 2020)

h) Estar en posesión do Celga 2 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía, será obrigatoria a realización dunha proba de galego, de carácter obrigatoria. Este exercicio será cualificado de “apto” ou “non apto” (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

REQUISISTOS ESPECÍFICOS:

Está inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos acuáticos naturais), de conformidade có Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, segundo redacción dada por Decreto 35/2017, do 16 de marzo (DOG no 69 do 07/04/2017), que establece na súa disposición transitoria única unha prórroga automática do prazo de inscrición provisional ata o 10/04/2021.

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transco-



CONCELLO DE MUXÍA

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

rrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado que figura como Anexo IV do dito Decreto 104/2012, así como do Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias, e mantelos ata o día da contratación. Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE REALIZACIÓN DAS PROBAS.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1.- O Concello de Muxía dará publicidade á convocatoria e as bases de selección no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web, presentará unha oferta de emprego ante a Oficina de Emprego de Cee facendo referencia aos requisitos que debe reunir os/as traballadores/as a contratar conforme á base anterior.

2.- O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, tendo en conta que non poden repetir aqueles que se estiveran contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas traballadoras despregadas, debendo remitir ao Concello os candidatos correspondentes, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no artigo 14.5 da Orde citada anteriormente, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.



CONCELLO DE MUXÍA

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

3.- A admisión de candidatos coincidirá coa selección realizada polo Servizo Público de Emprego.

Unha vez remitidos os candidatos/as polo Servizo Público de Emprego, os candidatos/as presentarán instancias a través da Sede Electrónica ou no rexistro xeral do Concello para a participación neste proceso selectivo no prazo que se estableza.

Aquelas solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido a tal efecto, quedarán excluídas do proceso de selección.

DOCUMENTACIÓN:

As instancias irán acompañadas do DNI, tarxeta de desemprego, informe de vida laboral actualizado, Celga 2 ou equivalente, se se posue (se non é así deberá facer a proba de galego), xustificantes dos méritos alegados, fotocopia do título que se esixe, ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo antes da sinatura do correspondente contrato.

Presumírase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

ADMISIÓN:

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase a lista provisional de admitidos/as e de excluídos/as, indicando a causa de exclusión. A referida resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e páxina web do concello (www.concellomuxia.com), concedendo, no seu caso, un prazo dun día hábil para a subsanación das deficiencias sinaladas.

Unha vez rematado o prazo anterior, a Alcaldía aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas para o proceso de selección. Será publicada na web oficial do Concello de Muxía (www.concellomuxia.com) e no taboleiro de anuncios. Darase un prazo de 1 día hábil para que as persoas excluídas presenten alegacións ou soliciten subsanacións. Para o caso de que non houberse excluídos a dita listaxe terá carácter de definitiva.

Transcorrido ese período a Alcaldía ditará Resolución coa aprobación definitiva da listaxe de admitidos e excluídos, a composición do Tribunal, e o lugar e data da realización das probas.



CONCELLO DE MUXÍA

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

TRIBUNAL.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O Tribunal estará integrado por persoal funcionario.

Os membros do tribunal deberán tomar as medidas necesarias para evitar o contaxio do covid19, para o cal, concello deberá proveelos dos EPIS necesarios, os cales serán de utilización obrigatoria. Así mesmo deberán de manter unha distancia mínima de seguridade de 2 metros entre eles.

PROCESO SELECTIVO.

Efectuarase mediante concurso-oposición libre.

A **fase de concurso** non será eliminatoria e levarase a cabo despois da fase de oposición.

- Cursos relacionados co posto de traballo (Máx. 2)
 - Cursos de máis de 200 h: 0,75 puntos
 - Cursos de 60 a 199 h: 0,5 puntos –
 - Cursos de 10 a 59 h: 0,20 puntos
- Experiencia profesional. (Máximo 2)

Por servizos prestados na Administración ou Entidades Públicas: 0,20 por mes completo

A **fase de oposición**. Exercicio obrigatorio e eliminatorio que consistirá na realización dun exercicio tipo test ou preguntas curtas sobre o Anexo 1 destas bases, valorable de 0 a 10 puntos. Puntuación máxima 10, puntuación mínima 5.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal . Os/as aspirantes deberán asistir á proba provistos de mascarilla e bolígrafo propio.

A non presentación a esta proba no momento de seren chamados comporta que decaea automaticamente no seu dereito a participar, e quedará excluído do proceso selectivo



CONCELLO DE MUXÍA

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Celga 2: Aqueles aspirantes que non presenten a titulación Celga 2 solicitada nestas bases, realizarán unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que se calificará como apto ou non apto. A calificación na proba como non apto supón a exclusión por parte do candidato do procedemento de selección.

LISTA DE SELECCIONADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS:

Rematada a cualificación, será publicada no taboleiro de anuncios a relación puntuada das persoas seleccionadas.

No caso de empate de puntuación terán preferencia os aspirantes con maior puntuación no apartado de oposición e se persiste o empate por sorteo.

As persoas seleccionadas deberán de presentar no prazo dun día hábil a partir da publicación do resultado da selección a seguinte documentación:

- Certificado da conta bancaria e número de afiliación da seguridade social.
- Declaración xurada de non atoparse separado do servizo de AAPP, nin estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade.

Formalizarase listaxe de reserva coas persoas que non obtiveron posto por menor puntuación.

QUINTO. INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

PROGRAMA- ANEXO 1

- 1.- Socorrismo. Principios xerais.
- 2.- Plan de actuación en zonas de baño
- 3.- Salvamento e socorrismo acuático profesional
4. Dereitos e deberes dos empregados/as públicos
5. Nocións básicas sobre seguridade e hixiene no traballo